

NORMAS DE ELABORACIÓN DO POD DA UNIVERSIDADE DE VIGO (Acordo do Consello de Goberno do 3 de abril de 2024)

O artigo 44 dos Estatutos da Universidade de Vigo establece que “os departamentos son as unidades de docencia e de investigación encargadas de coordinar os ensinamentos dun ou varios ámbitos do coñecemento nun ou varios centros, de acordo coa programación docente da universidade, de apoiar as actividades e as iniciativas docentes e investigadoras do profesorado, e de exercer aquelas outras funcións que sexan determinadas polos estatutos”. Nese mesmo artigo, indícase que unha das funcións dos departamentos é a de “idear a proposta de plan de ordenación docente que lle corresponda, de conformidade coa normativa da universidade e coas necesidades xustificadas polos centros, coordinando as ensinanzas que se lle atribúan”. Ademais, o artigo 5 do Regulamento de Profesorado en vigor establece que “en cada curso académico elaborárase o Plan docente anual (PDA) e o Plan de organización docente (POD), en que se terán en conta as necesidades docentes nas distintas titulacións e a capacidade docente do PDI, nos termos que acorde o Consello de Goberno”.

Para dar cumprimento a estes artigos, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo na súa sesión do 3 de abril de 2024, aproba a presente normativa, que establece os criterios para a distribución da docencia asignada a cada departamento entre o seu PDI, así como as condicións para a solicitude de novas prazas, no caso de ser necesario.

A presente normativa parte do principio de que os departamentos terán capacidade para fixar os seus propios criterios para a asignación da docencia de grao que teñen asignada ao seu PDI, pero, ao mesmo tempo, fixa uns criterios xerais, que serán de aplicación no caso de conflitos na citada asignación, co fin de facilitar a súa resolución.

1. Criterios e procedemento de elaboración do POD polos departamentos

É competencia de cada **departamento** asignar o profesorado ás distintas materias de grao que teñan adscritas, así como verificar a docencia de Master con repercusión no seu POD que aproben as CAM. Para isto, cada departamento poderá establecer uns criterios e uns procedementos propios que, en todo caso, se adecuarán ao establecido na presente normativa.

Co fin de acadar a máxima calidade na docencia, tanto os criterios coma os procedementos establecidos polos departamentos deberán perseguir os seguintes obxectivos:

- Evitar, na medida do posible, o excesivo fraccionamento inxustificable das materias entre varios profesores/as.
- Minimizar o número de materias distintas asignadas a cada profesor/a.
- Procurar o equilibrio na repartición das tarefas docentes entre o profesorado, en función da súa dedicación docente evitando, na medida do posible, a concentración da docencia nun cuadrimestre.
- Ter en conta as áreas de coñecemento do profesorado como criterio de especialización deste.

Deberán establecerse, ademais, as medidas e os criterios oportunos para facilitar a conciliación por coidado de dependentes menores e maiores.

Independentemente dos criterios e dos procedementos establecidos polos departamentos, no caso de que, durante a elaboración do POD máis dun PDI manifeste o seu interese en impartir algunha materia, e sempre que non se chegue a un acordo entre o persoal implicado, para resolver a devandita situación, aplicaranse os criterios de elección de docencia recollidos no anexo I. Os citados criterios aplicaranse tamén para a elaboración do POD nos departamentos que non teñan establecidos uns criterios e un procedemento propios.

De forma preferente, a actividade docente do PDI distribuirase ao longo de todo o curso académico. Os casos nos que se concentre a docencia dun PDI nun só cuadrimestre serán analizados pola COAP, que estimará a súa procedencia.

No caso do profesorado con contrato laboral e dedicación a tempo parcial, a asignación de docencia axustarase ás horas determinadas no seu contrato. É unha obriga dos departamentos velar polo cumprimento desta norma.

Todo o profesorado asociado contratado durante o curso de elaboración do POD, figurará na listaxe do departamento, con independencia de que o Consello de Departamento acorde renovar ou non os contratos, dependendo da docencia vacante.

2. Cobertura da docencia vacante

Os departamentos en que a carga docente exceda a súa capacidade docente, unha vez calculadas ambas na data límite establecida para aprobar as propostas do POD polos departamentos, poderán cubrir a docencia vacante dos seguintes xeitos, enumerados por orde de preferencia:

- a) Asignación de docencia a profesorado que dispoña de folgura na súa capacidade docente, incluíndo a xerada polas materias que non teñan estudantes matriculados.
- b) Asignación de docencia a profesorado permanente que, de forma voluntaria, acepta dita asignación condicionada ao seu recoñecemento no vindeiro curso académico.
- c) Asignación de docencia ao persoal investigador posdoutoral, sempre que a súa convocatoria o permita e segundo o recollido no anexo II.
- d) Aplicación da mobilidade entre campus, nos termos do anexo III.
- e) Solicitud de incremento da dedicación do profesorado a tempo parcial.
- f) Solicitud de contratación de novo profesorado utilizando algunha das seguintes categorías:
 - Profesorado asociado.
 - Profesorado visitante.
 - Lectores/as (nas áreas que corresponda)
- g) Solicitud de contratación de profesorado de substitución, cando se dean as condicións recollidas no anexo IV.

Para solicitar novas contratacións, os departamentos deberán enviar, xunto coa proposta de POD, a solicitud das correspondentes prazas, indicando, para cada unha delas, a categoría e a dedicación, a área de coñecemento e o campus asignado.

3. Vixencia da asignación docente

Con criterio xeral, os POD aprobados ao principio do curso permanecerán inalterados durante todo o curso académico. Non obstante, a asignación docente poderá modificarse en casos excepcionais tales como: ausencias por enfermidade, comisións de servizo, servizos especiais, excedencias, baixas, materias sen alumnos propios matriculados ou incrementos de docencia. Nestes casos, tentarase que a modificación afecte o mínimo posible ao POD inicial.

A COAP analizará e aprobará as solicitudes de modificacións do POD debidamente xustificadas e os departamentos comunicaránlles aos centros afectados.

Unha vez rematado cada cuadrimestre, unicamente se lle certificará ao PDI a docencia que conste no POD. Calquera cambio no mesmo debe realizarse antes da emisión automática dos certificados de docencia impartida, que para o primeiro cuadrimestre ten lugar a partires do 24 de xaneiro do 2025, e para o segundo do 6 de xuño de 2025¹.

4. Organización cuadrimestral

Os procesos de selección de novo profesorado requiren prazos legais que dificultan a súa finalización completa antes do inicio do curso académico. Por este motivo, en todos os casos de docencia asignada no POD a novas contratacións, os departamentos deben programar adecuadamente o encargo docente, de xeito que se poida garantir, na medida do posible, a **impartición completa** da docencia co seu cadro de profesorado actual durante os meses de setembro e de outubro. No momento en que se formalicen as novas contratacións, o departamento poderá modificar a asignación docente realizada inicialmente. Neste mesmo senso, os departamentos deberán priorizar, na medida do posible, a asignación docente do persoal dispoñible ás materias do primeiro cuadrimestre fronte ás do segundo.

Se ao longo do curso académico se incorpora á plantilla de PDI algún profesor/a permanente tras a sinatura de contrato de PPL ou a toma de posesión dunha praza TU, ou se acorda a transformación dalgunha outra figura nestas categorías con carácter interino, a dirección de departamento poderá promover unha modificación do POD para que asuma a docencia proporcional que lle corresponda, tentando tamén que a modificación afecte o mínimo posible ao POD inicial.

O número de grupos das materias do segundo cuadrimestre e polo tanto o POD, poderá axustarse en función da matrícula real tras o inicio do curso académico.

As contratacións de profesorado asociado ou profesorado contratado de substitución serán, con carácter xeral, de duración anual, procurando un reparto de horas de docencia por semana equilibrado e tendo en conta a planificación docente das materias asignadas.

5. Aprobación do POD

¹ Estas datas son orientativas e poden variar lixeiramente entre cursos. Poden consultarse actualizadas na secretaría virtual

A COAP, por delegación expresa do Consello de Goberno, aprobará, se procede, as propostas do POD recibidas dos departamentos e a saída de prazas a concurso. Así mesmo, dará conta ao Consello de Goberno dos acordos adoptados.

Disposición final

As contratacións ás que se fai referencia na presente normativa deberán contar, se é o caso, coas correspondentes autorizacións por parte das autoridades estatais ou autonómicas segundo o previsto nas leis aplicables de orzamentos xerais do Estado e de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia.

ANEXO I

Criterios de prelación para a elección de docencia

A orde de prelación do PDI, para os efectos de elaboración do POD, establécese de acordo cos seguintes criterios, que se aplicarán de forma sucesiva no caso de igualdade nos precedentes:

Primeiro criterio: Categoría

Segundo o corpo, escala ou categoría de pertenza, a orde é:

- Nivel 1: catedráticos/as de universidade.
- Nivel 2: profesorado titular de universidade e catedráticos/os de escola universitaria.
- Nivel 3: profesorado titular de escola universitaria.
- Nivel 4: profesorado contratado doutor e profesorado permanente laboral
- Nivel 5: profesorado funcionario interino.
- Nivel 6: profesorado contratado doutor interino e profesorado permanente laboral interino
- Nivel 7: profesorado axudante doutor e persoal investigador postdoutoral.
- Nivel 8: axudantes/as.
- Nivel 9: profesorado asociado a tempo parcial²

Segundo criterio: Dedicación

No caso de igualdade de nivel no criterio anterior, priorizarase ao PDI con dedicación a tempo completo fronte ao que estea acollido a un réxime de dedicación a tempo parcial.

Terceiro criterio: Antigüidade

No caso de igualdade nos dous criterios anteriores priorizarase ao PDI con maior antigüidade, aplicando a seguinte orde sucesivo en caso de igualdade nos anteriores:

- 1) Maior antigüidade en postos do mesmo nivel ou superiores dos definidos no criterio primeiro, incluído o tempo no que os ocuparan interinamente.
- 2) Maior antigüidade como doutor/a.
- 3) Maior antigüidade como profesor/a universitario/a.
- 4) Maior idade.

² O profesorado asociado a tempo parcial LOSU estará vinculado ás materias para as cales foi contratado.

ANEXO II

Incorporación ao POD do persoal contratado en programas de investigación

A posibilidade de participación en tarefas docentes rexeráse polo tipo de contrato e a figura ao que estea adscrita.

A solicitude de colaboración realizarase obrigatoriamente no momento de elaboración do POD por parte do departamento ou no prazo desde o 20 de decembro de 2024 ata o 20 de xaneiro de 2025, para a súa incorporación no segundo cuadrimestre. Tamén poderán incorporarse no momento que xurdan necesidades docentes sobrevidas no departamento para cubrilas.

De cara á calidade da docencia, baixo ningunha circunstancia se permitirá que máis dun investigador/a simultanee a mesma docencia presencial cun profesor/a. Ademais, no momento de incorporar ao persoal investigador ao POD, os departamentos deberán ter en conta os obxectivos indicados no apartado 1 da presente normativa.

É responsabilidade dos departamentos establecer os procedementos oportunos para organizar a incorporación do seu persoal investigador ás actividades docentes segundo o establecido na presente normativa.

Persoal predoutoral

A colaboración en tarefas docentes do persoal contratado predoutoral requirirá sinalar un/ha profesor/a como responsable da materia ou materias correspondentes, e deberá complementar a docencia doutro profesor/a, simultaneando a docencia presencial, segundo o establecido no Real Decreto 103/2019 do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do Persoal Investigador en Formación.

Non obstante o antedito, o persoal contratado nesta modalidade con anterioridade á entrada en vigor do citado real decreto, poderá seguir participando nas tarefas docentes do seu departamento nas mesmas condicións en que o viña facendo con anterioridade á citada entrada en vigor, coa finalidade de cumprir co indicado na disposición final cuarta.

O persoal investigador predoutoral, non poderá, en ningún caso, ter asignadas horas de docencia en prácticas externas ou prácticum, nin asinar actas ou formar parte dos tribunais dos TFG, aínda que si poderá cotitorizar TFG e TFM.

Persoal posdoutoral

O persoal contratado na modalidade de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación (investigadores/as posdoutorais) poderá colaborar en tarefas docentes tanto en grao coma en máster, así como titorizar TFG e TFM, sempre e cando a convocatoria pola que se contratou o permita.

A incorporación do persoal investigador posdoutoral á docencia realizarase nas mesmas condicións ca a do profesorado, podendo asumir docencia en calquera dos campus. Non obstante, e de xeito excepcional, este persoal poderá complementar a docencia doutro/a profesor/a, simultaneando a docencia presencial, cando non exista docencia vacante en ningún dos campus en que o departamento teña docencia asignada. Esta situación deberá ser informada favorablemente pola dirección dos centros e autorizada pola vicerreitoría con competencias.

No caso de que por circunstancias sobrevidas sexa necesario cubrir docencia vacante por parte do departamento en calquera dos campus, o persoal investigador posdoutoral que se atope simultaneando docencia presencial deberá asumir obrigatoriamente a devandita docencia, sen que sexa posible a súa continuación na situación de simultaneidade.

Persoal investigador distinguido

O persoal contratado na modalidade de investigador distinguido terá que cumprir coas obrigas docentes indicadas no seu contrato laboral, ou ben na convocatoria correspondente. Non obstante, poderá solicitarlle ao seu departamento o aumento da súa participación nas tarefas docentes ata un total de 100 horas anuais. Así mesmo, poderán simultanear docencia presencial nas mesmas condicións indicadas no apartado anterior para o resto do persoal investigador posdoutoral.

ANEXO III

Mobilidade intercampus

Nos casos en que un **departamento** teña un déficit significativo entre a carga docente e a capacidade docente do seu profesorado a tempo completo nun campus e superávit noutro, previamente á contratación de profesorado poderanse establecer mecanismos de mobilidade voluntaria entre campus, a cal implicará as indemnizacións por razón do servizo correspondentes coas limitacións que se establezan.

Cando a mobilidade do profesorado se efectúa entre os campus de Ourense/Vigo ou Ourense/Pontevedra, as horas impartidas no campus diferente do propio computaranse cun 100% adicional. Se a mobilidade se realiza entre os campus de Pontevedra e de Vigo, a porcentaxe anterior será do 50%.

As titorías deberán distribuírse entre os dous campus de forma proporcional ás horas de clase impartidas e non lles corresponderán indemnizacións por razón do servizo durante o período de impartición de docencia.

Nos casos en que exista docencia vacante en máis dun campus, o profesorado que o desexe, poderá impartir docencia nun campus diferente do seu campus de adscrición. Enténdese por docencia vacante a que non estea cuberta por profesorado a tempo completo do campus de destino (incluíndo, de ser o caso, o profesorado permanente a tempo parcial). Neste caso, non procederán as indemnizacións por razón de servizo nin se computarán horas adicionais, agás en casos excepcionais relacionados con novos títulos que deberán ser autorizados pola COAP.

En todo caso, as propostas de mobilidade materializadas no POD non darán lugar ao cambio de adscrición de campus do profesorado implicado.

O Persoal Docente e/ou Investigador que asuma voluntariamente docencia nun campus distinto de aquel no que está ubicado o seu centro de traballo e sempre e cando non haxa docencia libre no campus do seu centro de traballo poderá solicitar as correspondentes indemnizacións por razóns de servizo.

ANEXO IV

Condicións para cubrir docencia vacante por circunstancias extraordinarias

Ao abeiro da Normativa do profesorado de substitución, aprobada en Consello de Goberno do 10/05/2011 e modificada no Consello de Goberno do 21-22/03/2013, poderase contratar con carácter temporal profesorado contratado de substitución para cubrir necesidades temporais de docencia xeradas por exencións docentes do profesorado, circunstancias sobrevidas de carácter extraordinario ou a suspensión temporal da actividade dun/ha profesor/a, nas condicións establecidas polas Consellarías competentes para a súa solicitude.

O profesorado contratado de substitución terá dedicación parcial.

A provisión de prazas de profesorado de substitución realizarase mediante listaxes de agarda que se poderán xerar mediante un concurso específico ou a partir dos concursos de profesorado.

Con carácter xeral, as listas de agarda estarán vixentes nos dous cursos posteriores ao curso académico en que se xeraron.

A duración do contrato determinarase polo motivo da substitución e estenderase como máximo ata finalizar o curso académico para o que se produce a contratación.

ANEXO V

Requisitos das persoas candidatas nos concursos de profesorado

Para concursar a unha praza de **profesorado asociado** será necesario acreditar que a persoa candidata está a exercer unha actividade profesional fóra do ámbito académico da universidade e que ten unha experiencia profesional durante un período mínimo de dous anos ao longo dos cinco últimos e posteriores a obter a titulación requirida para acceder á citada praza.

Conforme o disposto nos artigos 3 a 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, os contratos de **profesor de substitución** non serán compatibles con outra actividade no sector público, agás os casos establecidos para contratos a tempo parcial.

O profesorado coa categoría de **visitante** contratarase por un período inicial máximo dun ano ampliable ata un total máximo de dous anos entre persoal docente ou persoal investigador de recoñecido prestixio que teña previa relación contractual con outras universidades ou centros de investigación e terá que estar acreditado/a para profesorado contratado doutor.

A contratación baixo a figura de profesor/a visitante será incompatible co desempeño doutras actividades retribuídas, agás cando se trate de persoal docente e investigador de universidades estranxeiras ou centros de investigación estranxeiros.